

Breve crónica sobre o proceso de normalización e a situación social da lingua galega

Brief chronicle of the normalization process and the social situation of the Galician language

Diego MUÑOZ CARROBLES

Universidad Complutense de Madrid
Programa FPU – Ministerio de Ciencia e Innovación
dmcarrbles@filol.ucm.es

[Recibido, xaneiro 2009; aceptado, febreiro, 2009]

RESUMO

Neste artigo imos facer un percorrido polo proceso de normalización do galego e os seus progresos nos últimos trinta anos, tendo en conta as datas e os feitos principais acontecidos nese período. Describiremos brevemente a situación sociolingüística actual e os retos que afronta a lingua para acadar a súa normalización efectiva.

PALABRAS CHAVE: normalización, sociolingüística, política lingüística, bilingüismo, diglosia.

Muñoz Carroble, D., (2009): “Breve crónica sobre o proceso de normalización e a situación social da lingua galega”, *Madrygal (Madr.)*, 12: 67-77.

RESUMEN

En este artículo vamos a facer un recorrido por el proceso de normalización del gallego y sus progresos en los últimos treinta años, teniendo en cuenta las fechas y los hechos principales ocurridos en ese período. Describiremos brevemente la situación sociolingüística actual y los retos que afronta la lingua para alcanzar su normalización efectiva.

PALABRAS CLAVE: normalización, sociolingüística, política lingüística, bilingüismo, diglosia

MUÑOZ CARROBLES, D., (2009): “Breve crónica sobre o proceso de normalización e a situación social da lingua galega”, *Madrygal (Madr.)*, 12: 67-77.

ABSTRACT

In this article we are going to have a look at the normalization process of Galician and its progress during the last thirty years, taking into account the main dates and events happened in this period of time. We will shortly describe the current sociolinguistic situation and the challenges that the Galician language has to face to reach its effective normalization.

KEY WORDS: normalization, sociolinguistics, language planning, bilingualism, diglossia.

MUÑOZ CARROBLES, D., (2009): “Brief chronicle of the normalization process and the social situation of the Galician language”, *Madrygal (Madr.)*, 12: 67-77.

SUMARIO: 1. Introducción. 2. As datas do proceso. 3. As cifras do proceso. 4. Os protagonistas do proceso: os falantes. 5. O galego hoxe. 6. Referencias bibliográficas.

Un dato grosero: los instrumentos que hoy minan en sus cimientos la existencia del gallego, los instrumentos que hoy, abierta o solapadamente, presentan el castellano como única alternativa culta, útil y digna, poseen tal fuerza que pueden destruir en veinte años lo que la vieja sociedad no consiguió en cinco siglos y medio.

Xesús Alonso Montero, *Informe –dramático– sobre la lengua gallega* (1973 : 150)

1. INTRODUCCIÓN

Aínda que o tema da normalización da lingua galega non sexa unha novidade no eido dos estudos galegos, queremos facer un breve percorrido pola historia recente da lingua —dende os anos 70 até agora— nos seus aspectos sociais e mais dar a coñecer a situación actual na que se atopa o galego aos lectores que se acheguen por primeira vez a esta cuestión.

Que dicir do galego? En primeiro lugar, cómpre dicir que, trinta e seis anos despois da redacción da cita de Alonso Montero coa que abrimos este artigo, a lingua galega segue viva. Segundo o *Estatuto de Autonomía de Galicia*, do cal falaremos máis adiante, o galego é “a lingua propia de Galicia” (Art. 5.1.) que todos os cidadáns teñen o dereito de usar. Formalmente a lingua galega atópase nunha situación legal de cooficialidade co castelán, coas mesmas atribucións legais. Ademais diso, hoxe o galego pódese estudar nas escolas, xa que foi introducido no ensino primario e secundario dende os primeiros anos da década dos 80, así como no ensino superior universitario. Non poderíamos esquecer a presenza do galego nos medios de comunicación sociais (televisión, radio, prensa), sendo posíbel escoitar as novas, ler artigos e ver os partidos de fútbol en galego.

As estatísticas amosan que o galego segue sendo a lingua máis utilizada en Galicia, segundo a *Enquisa sobre as condicións de vida das familias galegas*, levada a cabo en 2003 polo Instituto Galego de Estatística. A media de lingua habitual é favorábel ao galego aínda que os resultados amosan unha diminución xeral no uso do galego, da cal falaremos noutro apartado.

Agora ben, como vemos na figura 1, o galego presenta unha distribución desigual nas zonas rurais e nas áreas urbanas. A cor é máis intensa nas zonas rurais, onde o galego é a lingua habitual, porén o uso do galego nas zonas urbanas é menor e está indicado cunha cor menos intensa. Estes datos serán de moito interese para os lingüistas, xa que a asocia-

ción *lingua galega – mundo rural* será un dos principais inimigos da normalización do idioma.

Se aparentemente a situación é a que acabamos de nomear, para que falar de normalización? O galego non é unha lingua normal? Gramaticalmente éo, ten xéneros, tempos verbais, oracións subordinadas... mais o concepto *normal* refírese á súa situación sociolingüística. Historicamente, o concepto de normalización lingüística designou un movemento que tiña como obxectivo restaurar a vitalidade daquelas linguas pertencentes a comunidades lingüísticas vernáculos que foran desprazadas polas linguas dos estados-nación nos cales estas comunidades se encadran. Estas linguas estaban sufrindo un proceso de substitución lingüística xa que non tiñan ningún tipo de recoñecemento legal, non estaban normativizadas e ficaran relegadas a usos familiares.

No caso que nos ocupa, entendemos por normalización o uso efectivo do galego a todos os niveis, en todas as actividades, para todas as funcións, é dicir, que a lingua poida ocupar todas as áreas de comunicación, mesmo as tradicionalmente asociadas ao castelán. É un proceso de difusión dunha lingua considerada minoritaria a todos os ámbitos da vida dunha comunidade, que vai unido ao recoñecemento legal do estatus da lingua e á súa estandarización, xa atinxidos no contexto galego.

Agora ben, o bilingüismo oficialmente consagrado polo Estatuto de 1981 choca cun obstáculo importante: a realidade sociolingüística galega. Galicia é oficialmente bilingüe, pero sería moi difícil falar de bilingüismo equilibrado, xa que o uso das dúas linguas cooficiais non é simétrico. Algúns autores utilizarán o termo “conflito” para se referiren a esta situación (Freixeiro, 1997), nós limitarémonos a falar de “diglosia”, que é un fenómeno lingüístico que consiste na coexistencia de dúas linguas (chamémoslas A e B) no cal a lingua A ten reservados os usos prestixiosos e cultos e mais a lingua B é a variedade sen prestixio social, usada no ámbito familiar.

Neste caso, o galego sería a lingua das relacións informais e o castelán a lingua de prestixio e dos contextos formais. Esta diferenciación vai ser a base de calquera estudo sobre a sociolingüística galega. O profesor Alonso Montero propuxo no seu *Informe dramático...* (1973) o concepto de “dilingüismo” para describir a realidade galega: “Pero, ¿cómo llamar a la persona que, sabiendo dos idiomas, posee uno para ciertas motivaciones y otro para otras? Yo propongo, mientras no aparezca otro, el término ‘dilingüe’ ” (p.34)




Figura 1. Tirado do Mapa Sociolingüístico de Galicia.

En xeral, podemos falar de optimistas e pesimistas sobre o tema da normalización do idioma. Os optimistas dirán que o galego nunca estivera mellor, agora os nenos poden mesmo estudar na lingua propia de Galicia e se dirixir ás institucións autonómicas neste idioma; porén os pesimistas defenden que o bilingüismo non é real mais teórico e que, sen medidas legais máis potentes, a situación de diglosia na que vive Galicia prexudica moito ao galego e á súa pervivencia.

2. AS DATAS DO PROCESO

2.1. OS PRIMEIROS PASOS.

A nosa crónica comeza nos anos 70, cando se van producindo en Galicia unha serie de feitos

que serán moi importantes para a historia contemporánea de lingua e da cultura galegas. Un pouco antes, en 1965, a Universidade de Santiago de Compostela creaba a materia oficial de Lingua e Literatura Galegas, cuxo primeiro catedrático sería un dos grandes nomes dos estudos galegos, o profesor Carballo Calero. A universidade compostelá fundou en 1971 o Instituto da Lingua Galega (ILG), baixo a dirección do romanista Constantino García González.

Estes dous primeiros pasos cara ao recoñecemento oficial e social do galego deron cedo os primeiros froitos. En 1971 o recién nacido ILG elaborou o volume *Gallego 1* (que sería seguido dos volumes 2 e 3), o primeiro manual de ensino da lingua galega. No limiar do libro atopamos unha interesante reflexión dos autores arredor da situación do idioma naqueles momentos:

Las dificultades iniciales eran grandes. El gallego ha vivido durante demasiado tiempo como lengua alejada de los círculos cultos. No podía apelarse a una tradición unánime al tratar de presentar una lengua general en la que no aparecieran las variedades (...) a pesar también del estigma de lengua no digna que ha soportado durante tanto tiempo. (*Gallego I*, p. 5-6)

En 1970 a Lei Xeral de Educación (LGE, en castelán) concedía un pequeno rol á denominada “lingua nativa” na educación preescolar, mais sen precisar como. 1973 é o ano da aparición do xa nomeado informe dramático do profesor Xesús Alonso Montero, queremoslle dar un peso especial no noso traballo xa que este libro supón unha chamada para a toma de conciencia sobre a realidade da lingua, unha chamada á acción dada a precariedade e o desprestixio social do galego neses anos.

Era estrictamente necesario escribir estas páxinas que algunos han de calificar de alarmistas. Pienso que, si no se producen inmediatamente cambios mentales e institucionales de auténtica envergadura, dentro de diez o quince años luchar por el gallego será un gesto perfectamente inútil. (*Ibid.*, p.7)

O *Informe* describe a realidade multilingüe de España, fai un breve percorrido pola historia social e as orixes do galego, describe a situación diglósica de Galicia e os motivos que provocan a mudanza de lingua e finalmente propón solucións para loitar contra a mala saúde da lingua galega. Estas propostas de Alonso Montero pasaban por conseguir unha educación en galego, medios de comunicación na lingua do país e máis literatura publicada en lingua galega, así como unha chamada ás “minorías obreras y campesinas” para que se recoñecesen con orgullo na lingua que aínda era de seu.

A morte de Franco en 1975 e a subseguinte chegada da monarquía parlamentaria foron datas decisivas para a liberdade lingüística no conxunto do Estado español. Esta apertura de España á democracia foi culminada na Constitución de 1978, que xa no seu Preámbulo declara a intención de “protexer a todos os españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, as súas culturas e tradicións, linguas e institucións”, entre eles, o pobo galego e a súa lingua.

O artigo 3 da Carta Magna fala das linguas do Estado:

1. O castelán é a lingua española oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito a usala.

2. As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos.
3. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

Deste xeito o galego recupera a oficialidade, é valorado como parte da riqueza cultural do Estado e sae dunha clandestinidade legal que durara xa algúns séculos. Agora ben, a Constitución crea o termo “cooficialidade” que segundo veremos máis adiante non vai estar libre de conflitos. Así mesmo, ábrese o camiño para o proceso autonómico en Galicia, segundo a nova organización territorial recollida no texto constitucional.

Tres anos despois, en 1981, aprobarase o Estatuto de Autonomía de Galicia, a norma institucional básica da Comunidade Autónoma que recoñece a súa condición de nacionalidade histórica e recolle, entre outros, a cooficialidade da lingua galega e as competencias propias do goberno autonómico —a Xunta. Interésanos especialmente para estas páxinas o quinto artigo:

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento.

O galego é a lingua propia de Galicia, aínda que non coñecelo non sexa un deber. As autoridades autonómicas deben garantir os dereitos dos galegofalantes e máis facilitar o seu ensino e normalización.

Froito do Estatuto será a Lei de Normalización Lingüística (LNL) de 1983. Esta lei aprobada polo Parlamento de Galicia en febreiro de 1983 é a base legal do proceso de normalización lingüística que estamos a estudar nestas páxinas. A LNL contén seis títulos adicados aos dereitos lingüísticos dos cidadáns de Galicia, ao uso oficial da lingua e ao fomento e uso da lingua galega no ensino, nas administracións públicas e nos medios de comunicación de xestión autonómica. Vexamos algúns apartados:

Artigo 1

O galego é a lingua propia de Galicia.

Todos os galegos teñen o dereito de coñecelo e de usalo.

Este primeiro artigo provocou unha polémica que foi resolta polo Tribunal Constitucional en 1986. Na primeira redacción da LNL o coñecemento do galego non era só un dereito, era tamén un deber, isto foi a causa dun recurso de inconstitucionalidade presentado polo Goberno de España, presidido daquela por Felipe González (PSOE). O TC fallou a favor do Goberno central e a LNL houbo de ser modificada. A polémica entre o dereito e o deber de coñecer as linguas cooficiais do Estado é na actualidade un dos puntos de fricción entre o Estado e as Comunidades Autónomas que posúen lingua propia. De feito o novo Estatuto de Cataluña declara:

Art.6.2:

El català és la llengua oficial de Catalunya. També ho és el castellà, que és la llengua oficial de l'Estat espanyol. Totes les persones tenen el dret d'utilitzar les dues llengües oficials i els ciutadans de Catalunya tenen el dret i el deure de conèixer-les.

Un punto moi importante da LNL é a presenza do galego no sistema educativo. A transmisión dunha lingua supón a condición *sine qua non* para a supervivencia da mesma, por iso a introdución da lingua galega en todos os niveis educativos de xeito obrigatorio converteuse nunha das garantías para a boa saúde social do idioma.

Artigo 12

1. O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos.

Artigo 13

1. Os nenos teñen dereito a recibir o primeiro ensino na súa lingua materna.

(...)

3. Os alumnos non poderán ser separados en centros diferentes por razón da lingua. Tamén se evitará, a non ser que con carácter excepcional as necesidades pedagóxicas así o aconsellaren, a separación en aulas diferentes.

Artigo 14

1. A lingua galega é materia de estudo obrigatorio en todos os niveis educativos non universitarios.

O modelo educativo galego non contempla a creación de liñas paralelas no ensino separadas pola lingua vehicular como acontece noutras Comunidades Autónomas (por exemplo, no País Vasco) e tampouco converte o galego na lingua vehicular do sistema, como no caso de Cataluña có catalán. Trátase pois dun modelo intermedio

no cal se imparten materias en galego e en castelán co gallo de garantir o bilingüismo dos estudantes ao finalizaren os seus estudos.

A Lei de Normalización Lingüística establece que o galego será a lingua de expresión nos medios de comunicación públicos autonómicos. A presenza do idioma galego na radio e na televisión foi sen dúbida un dos apoios máis fortes para a difusión e a normalización do galego. A partir deste momento era posíbel escoitar as novas ou ver filmes dobrados en lingua galega. Asemade, o Goberno autonómico terá a responsabilidade de difundir a cultura en galego, grazas á edición de libros ou á organización de actividades culturais desenvolvidas na lingua propia de Galicia.

Artigo 18

O galego será a lingua usual nas emisoras de radio e televisión e nos demais medios de comunicación social sometidos a xestión ou competencia das institucións da Comunidade Autónoma.

Destes primeiros anos de oficialidade do galego non podemos esquecer a elaboración das *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego*, en 1981, froito da colaboración entre a Real Academia Galega e o devandito Instituto da Lingua Galega. Foron aceptadas oficialmente no Decreto sobre a normativización da lingua galega, do mes de abril de 1983, tamén coñecido como o Decreto Filgueira. A normativización dunha lingua é unha etapa necesaria para poder proceder á completa normalización da mesma, xa que sen un modelo lingüístico, sen unha modalidade estándar, dificilmente se poderá normalizar o uso dunha lingua.

2.2. O DESENVOLVEMENTO DA LNL

Os primeiros avances no desenvolvemento da lexislación sobre normalización lingüística déronse no eido dos medios de comunicación. A Radio Galega iniciou as súas emisións en probas o domingo 24 de febreiro de 1985, día do aniversario do nacemento da poetisa Rosalía de Castro. Pouco tempo despois, a Televisión de Galicia (TVG) comezou as súas emisións o 24 de xullo de 1985, véspera do Día de Galicia, desde as súas instalacións no Concello de Santiago de Compostela.

Desde entón, hai xa máis de vinte anos, a Compañía de Radio-Televisión de Galicia

(CRTVG) emite maioritariamente en galego, non só para a Comunidade Autónoma e as zonas limítrofes, tamén para o resto de Europa e do mundo, vía satélite. Negar a importancia da televisión na sociedade actual sería absurdo, por iso o feito de dispoñer de canles de expresión en galego é unha ferramenta indispensable para a difusión da lingua, aínda que o galego falado na TVG é obxecto de discusión.

En 1988 o daquela Presidente da Xunta, González Laxe, firma a Lei do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais. A normalización lingüística de Galicia chegaba así legal e formalmente ás Administracións locais, o primeiro chanzo nas relacións entre o cidadán e as institucións. O galego pasa deste xeito a ser a lingua oficial dos Concellos (sesións, actas, etc.), sen prexuízo do uso conxunto do castelán se así o queren as administracións locais.

Nas eleccións autonómicas de 1989 resulta elixido Presidente da Xunta o candidato do Partido Popular, Manuel Fraga. Baixo a súa presidencia, a política lingüística galega bautizará unha expresión innovadora: o bilingüismo harmónico. En que consiste? Segundo Celso Currás: “manter unha lingua viva nunha situación de igualdade entre ambos os dous idiomas (galego e castelán) sen que se estableza unha competencia entre eles¹.” Ou, segundo Jaine Beswick (2005): “The general aims of *bilingüismo harmónico* appear to be to attempt to develop and promote Galician, and when potential conflictual situations arise, to simply do nothing and ‘let nature take its course’²” (p.177)

Queremos mencionar nestas liñas a aparición en xaneiro de 1994 do xornal en galego “O Correo Galego” que mudou o seu nome polo de “Galicia Hoxe” en maio de 2003. Sen dúbida, a existencia dunha cabeceira integramente en galego foi un feito relevante no proceso de normalización lingüística de Galicia. O galego deixaba de estar relegado ás páxinas culturais e podía ser o vehículo de expresión de calquera nova galega ou internacional.

De acordo cos principios do bilingüismo harmónico, en 2004 a Xunta, aínda presidida por Manuel Fraga, aproba o “Plan Xeral de Normalización Lingüística”, segundo o cal, na educación primaria, na educación secundaria, no

bacharelato e nos ciclos formativos de formación profesional “como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego”.

En 2005 prodúcese un cambio no Goberno de Galicia: a Xunta estará presidida por Emilio Pérez Touriño (PSdeG) en coalición co BNG. O novo goberno autonómico tiña a lingua como unha das súas prioridades. A Secretaría Xeral de Política Lingüística asume unha función transversal, baixo a Presidencia da Xunta, sen depender das outras consellerías, por exemplo, a de Educación, como sucedera até entón.

Unha das recentes medidas públicas para a normalización do galego ocúpase tamén do ensino: é o decreto 124/2007 polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo, que derroga o decreto anterior, de 1995, que xa afirmara que “a adquisición dunha competencia comunicativa en galego por parte do alumnado só se pode conseguir a través da utilización vehicular desta lingua nunha parte significativa do currículo.” Este novo decreto establece que a lingua vehicular na Educación Infantil sexa a lingua materna predominante no alumnado, asegurando sempre o ensino da outra lingua cooficial. En Educación Primaria e Secundaria impartiranse en galego, ademais da materia de Lingua Galega, outras materias descritas no decreto. Para o Bacharelato seguirase o criterio do 50%.

Queremos destacar que este decreto contempla a constitución nos centros educativos de equipos de normalización e dinamización lingüística, segundo o establecido no devandito Plan Xeral de Normalización de 2004, co obxectivo de levar a cabo medidas de normalización no contexto escolar.

3. AS CIFRAS DO PROCESO

Os datos do Padrón referidos ao ano 2008 dan para Galicia unha poboación total de 2.784.169 habitantes. Segundo as enquisas estatísticas o galego é a lingua maioritaria nesta Comunidade Autónoma de case tres millóns de habitantes. En xeral podemos dicir que o coñecemento do galego é moi alto, así como o uso habitual desta lingua. A competencia do galego nas destrezas orais é moi alta mais a distribución social e xeográfica do idioma non é uniforme.

¹ Ver Beswick (2005: 177)

² “Os obxectivos xerais do bilingüismo harmónico tentan ser o desenvolver e o promover o galego e, no caso dunha situación de conflito, non facer nada e deixar a natura seguir o seu curso” (A tradución é nosa).

Nos datos de Miquel Siguan para o CIS, o galego era a lingua cooficial máis falada (proporcionalmente) na súa respectiva Comunidade Autónoma, mesmo por riba do catalán en Cataluña.

Es en Galicia donde la proporción de los que tienen la lengua de la Comunidad como primera lengua es más alta [46%] y donde la proporción de los que se consideran en primer lugar castellano-parlantes es más baja. A continuación se sitúan Cataluña y las Islas Baleares [41%] y, a mayor distancia, el País Vasco y Navarra.

(M. Siguan, CIS, 1999 : 29)

Se en 1877 o 95% dos nados en Galicia falaban só galego ou máis galego que castelán, esta porcentaxe baixa até o 70% en 1947 e seguiría baixando segundo os datos que proporciona X.R.

Freixeiro (1997: 106). É dicir, a finais do século XIX case a totalidade dos galegos falaban na lingua propia, cifra que descendeu no século XX, sen dúbida pola extensión da escolarización (levada a cabo en castelán) e polo desprestixio do galego.

1992 é un ano importante para a análise socio-lingüística do galego, xa que se leva a cabo a enquisa do *Mapa Sociolingüístico de Galicia*, cunha mostra de máis de 38 mil entrevistas. Os resultados supuxeron unha información moi valiosa para os estudos cuantitativos sobre o uso da lingua³: un 38,7% dos informantes declararon falar só galego e un 10,5% só castelán.

Vexamos agora algúns datos máis recentes tirados da *Enquisa de condicións de vida das familias*, do ano 2003, levada a cabo polo Instituto Galego de Estatística⁴.

Coñecemento do galego

	Entenden o galego falado	Poden falar en galego	Entenden o galego escrito	Poden escribir en galego
Moito	81%	68%	58%	28%
Nada	3%	10,5%	14%	47%

Lingua materna e lingua habitual

	Aprenderon a falar	Falábanlles os pais cando eran nenos	Falan habitualmente	Escriben habitualmente
En galego	52,02%	58,19%	43%	14,5%
En castelán	30,07%	20,12%	19,5%	85%
Nas dúas linguas	16,31%	21%	37%	

Un dos datos que podemos salientar é o alto nivel de bilingüismo, o grupo dos bilingües crece mentres que os monolingües diminúen. Agora ben, ese feito presenta o problema de definir con precisión o bilingüismo de xeito individual. No caso galego, predomina o bilingüismo pasivo, é dicir, a capacidade para comprender o galego, e non o bilingüismo activo, que sería a capacidade de producir enunciados nas dúas linguas. (Moreno Fernández,

2005: 211) Podemos dicir que o galego é aínda no ano da enquisa (2003) a lingua máis falada habitualmente, seguido polo amplo grupo de bilingües.

Vexamos algúns datos interesantes relacionados coa idade dos falantes, xa que a lingua galega presenta unha distribución heteroxénea neste eido. A tendencia xeral amosa unha diminución no uso do galego como lingua de uso habitual entre a xuventude galega.

³ Utilizamos aquí os datos recollidos polo Consello da Cultura Galega en *A sociedade galega e o idioma* (2005)

⁴ Dispoñíbel na páxina web do IGE: http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0206002001

Por idades

	De 5 a 29 anos	De 50 ou máis anos
En galego	28,10%	59,31%
Máis galego que castelán	16,12%	18,55%
Máis castelán que galego	27,81%	10,25%
En castelán	27,97%	11,89%

Observamos no cadro anterior o paradoxo cuantitativo do proceso normalizador do idioma galego: as xeracións que recibiron parte do ensino en galego e que puideron falar a lingua propia de Galicia con liberdade falan menos

galego que os maiores de 50 anos. Igualmente, nos informantes menores de 29 anos, crece o número de falantes que se declaran bilingües, predominando os que falan máis castelán que galego.

A transmisión do galego (lingua falada cos fillos)

	Total	60 ou máis anos	39 ou menos anos
En galego / Máis galego que castelán	62,54%	74,85%	46,20%
En castelán / Máis castelán que galego	37,46%	25,15%	53,80%

Aínda que en total podemos dicir que o galego é a lingua que máis se fala cos fillos, logo a que se transmite, os datos non son optimistas. Os pais e as nais de menos de 39 anos xa falan máis castelán que galego cos fillos. Nados nos anos 60 e 70, moitos deles mesmo recibiron parte do ensino en galego e coñeceron unha situación legal favorable do idioma; porén estes argumentos parecen non pesar demasiado á hora de transmitir a lingua aos fillos. No apartado seguinte trataremos de explicar cales son as actitudes negativas dos falantes cara á lingua e que poden explicar o desinterese pola transmisión do galego aos nenos.

En definitiva debemos constatar unha diminución progresiva do uso do galego como lingua habitual, que se fai máis evidente na poboación máis nova. Esta conclusión non é demasiado optimista, se temos en conta que o grupo que máis crece é o dos monolingües en castelán. Qué motivos levan a cambiar de lingua? Segundo a mesma enquisa, a razón máis habitual é a chamada “decisión persoal”, seguida polas “razóns de traballo”.

Isto é, os que falaban galego consideran que non é útil transmitir a lingua e mesmo cámbiana polo castelán, quizais, para poder gañar prestixio social e aspirar a ter un bo traballo.

4. OS PROTAGONISTAS DO PROCESO: OS FALANTES

Até agora falamos de datos estatísticos e históricos, por ende, obxectivos, mais tamén debemos ocuparnos dos verdadeiros protagonistas do proceso de normalización, os usuarios da lingua, os falantes. Recorremos primeiro á clasificación das variedades lingüísticas de W. Stewart (1968), que contén catro criterios: a estandarización, a autonomía, a historicidade e mais a vitalidade⁵. Para el unha lingua estándar debe posuír estes catro atributos: ter unha norma estándar, ser un sistema independente, ter unha tradición histórica e ser usada realmente polos membros dunha sociedade.

⁵ En Moreno Fernández (2005: 95).

Até o século XX o galego carecía dunha norma estándar e só podía ser considerado “lingua vernácula”, mais coa chegada da norma do galego culto, deberíamos considerar que o galego cumpre os catro criterios para ser considerado unha lingua estándar no mesmo nivel que o alemán ou o francés. Porén, o principal inimigo é a vitalidade e os perigos secundarios son a falta de consenso arredor do estándar e mais a perda da autonomía, coa extensión dun castelán galeguizado. Así vemos que se debe traballar nas catro direccións para manter o galego como lingua con maiúsculas.

Os responsábeis da vitalidade da lingua son os falantes. Entre eles a actitude máis xeneralizada é moi favorábel ao fomento e á protección do galego; pero por que non se fala máis en galego? Esta situación lembra ao lema do despotismo ilustrado “Todo para o pobo, mais sen o pobo”, todos queren que o galego sexa protexido e a moitos gustaríalles que se falase máis, pero eles non o fan. Demándanse esforzos colectivos sen facer exercicios individuais.

Poderíamos distinguir catro tipos de actitudes lingüísticas (esta clasificación de noso é só orientativa):

- a) os que falan galego e están a favor do fomento do galego; é dicir, ven o galego como un vehículo de expresión válido para todos os contextos comunicativos e están a favor dos plans de normalización oficiais.
- b) os que falan galego pero non se interesan pola protección da lingua; non consideran que o galego estea ao mesmo nivel que o castelán, seguen vendo a lingua asociada ao mundo rural, moitos deles non recoñecen a normativa oficial nin o galego falado nos medios de comunicación.
- c) os que xeralmente falan castelán, pero se amosan a favor da extensión do galego; a súa posición é a de manter o galego como tradición cultural, case folclórica, aínda que recoñezan o seu uso nas Administracións públicas.
- d) os que non falan galego nin o defenden, e non coidan que o galego mereza ser unha materia obrigatoria do ensino xa que carece de “utilidade”, pois é unha lingua rural que non axuda ao prestixio da sociedade. Ademais quéixanse da “ditadura” do galego e da súa imposición.

Moitos falantes declaran a súa inseguridade lingüística en galego, aseguran non ter a capacidade de utilizar o galego en contextos formais, ter dificultades para ler en galego ou ben din descoñecer a normativa oficial. Para evitar isto o galego é xa dende hai anos parte do ensino, mais un contexto social fortemente castelanizado, sobre todo nas cidades, fai que nos contextos formais se empregue máis o castelán. Agora ben, o profesor Freixeiro Mato defende que “mellor é falar mal o galego que o non falar” (1997: 147)

A presenza do galego no ensino, malia ser xeralmente aceptada, considérase suficiente e en moitos casos o modelo catalán é visto como esaxerado. (Iglesias Álvarez, 2002: 118) O galego continúa a ser visto como unha materia de segunda categoría, fronte á innegábel “utilidade” do castelán e do inglés, por iso, a idea dun sistema educativo primario e secundario en galego non atopa o apoio de toda a sociedade.

A lingua galega ten como inimigos os prexuízos dalgúns falantes, por exemplo, o galego é a lingua da aldea, falar galego é de esquerdas, os que defenden o galego son nacionalistas. Facer estas asociacións non terá xamais consecuencias positivas no desenvolvemento da lingua, por iso é necesario que o galego estea máis vivo nas cidades e que os políticos non se apropien das linguas. Tamén en relación coa política xorde a opinión de que os políticos galegos non se preocupan polo galego e fan “unha política lingüística de maquiaxe”⁶ e afastada da realidade social galega.

Entre os estereotipos que existen para non falar galego temos por exemplo o discurso da suposta imposición do galego ou ben o criterio de que a oficialidade do galego e a súa obrigatoriedade son inxustas para os que veñen de fóra de Galicia. Neste caso deberíase saber que o galego sempre se falou en Galicia e non foi nunca unha lingua imposta, ademais a súa altísima similitude co castelán fai que aprender galego non sexa un grande obstáculo para os cidadáns que queiran vivir na Comunidade Autónoma Galega.

Non esquecemos o debate sobre o estándar do galego que provoca o rexeitamento da lingua que se ensina nas escolas e que se fala na televisión e na radio galegas, por ser considerada unha lingua artificial, non enxebre. Criticar a normativización do galego carece de sentido, este proceso é a base da normalización de calquera lingua e todas as linguas coñeceron a creación dun estándar,

⁶ (Iglesias Álvarez, 2002: 129).

mesmo o español. Unha lingua ha de posuír unha base normativa estábel para acadar un desenvolvemento total. Dicar que o galego falado na TVG non corresponde á realidade lingüística de, digamos, a Costa da Morte é verdade, mais tamén é verdade que a lingua falada na TVE non é a variedade falada na Mancha ou en Andalucía, por exemplo, e ninguén dixo que o castelán da televisión sexa unha lingua artificial.

A principal responsabilidade dos habitantes de Galicia con respecto á lingua será a súa transmisión. O mellor xesto para a boa saúde do galego e falar galego e facelo cun apoio legal que permita chegar en galego a todos os chanzos da Administración e a todos os lugares da sociedade. Respetar a legalidade, salvar os prexuízos e ignorar os estereotipos son igualmente dúas actitudes útiles en favor da lingua.

5. O GALEGO HOXE

Malia as críticas ao proceso de normalización, este percorreu xa un camiño moi importante. Unha lingua, se quere sobrevivir, non pode ficar relegada a posicións secundarias ou marxinais na sociedade; unha lingua debe romper a diglosia e acadar unha posición de igualdade xurídica. Hoxe o galego atópase nunha situación de oficialidade (cooficialidade segundo o termo legal vixente na Constitución e no Estatuto xa nomeados), isto supón que se pode estudar o galego nas escolas, que se pode acudir á xustiza en galego e que se vexan algunhas canles de televisión na lingua propia.

O *Informe –dramático...* do profesor Alonso Montero prognosticaba unha apocalipse lingüística que aínda non sucedeu. A lingua permanece viva. Algunhas voces dirán que o proceso de normalización foi feble e demasiado “harmónico” e outros dirán que o galego chegou moi lonxe. Son opinións respectábeis. O principio básico da normalización debe ser o respecto ás leis e a tolerancia entre os falantes, sen esquecer que as linguas son ferramentas de comunicación e de unión, non de separación.

A normalización apóiase en dous eixes: o administrativo e o popular. O eixe administrativo depende das leis e as normas que o Parlamento de Galicia e a Xunta aprobaron (e seguirán a aprobar) e que constitúen a base lexislativa do proceso normalizador; e o eixe popular está baseado na vontade dos habitantes de Galicia para falar e transmitir o idioma galego, superando os prexuízos sociais.

Queremos destacar os eidos nos cales a normalización da lingua debe continuar o seu desenvolvemento no século XXI:

- a) *Medios de comunicación.* Nunha sociedade da información na que vivimos hoxe, o galego non pode ficar alleo á transmisión de coñecementos e de noticias. O seu cultivo en radio, televisión, prensa e sector editorial faise indispensable.
- b) *Economía.* A queixa de moitos falantes para cambiar de lingua era en moitas ocasións as razóns de traballo, até agora a meirande actividade económica tiña lugar en castelán. O galego débese normalizar tamén no terreo económico, na banca, nas empresas e nos outros sectores produtivos, xa que non hai argumentos científicos para dicir que non se pode falar de cartos en galego. Segundo Freixeiro Mato (1997: 153) “a lingua é o investimento máis rendíbel que un pobo pode realizar”.
- c) *Novas tecnoloxías.* Sen dúbida, este é o eido de actuación máis urxente: a lingua galega debe ofrecerse como lingua da informática e do progreso tecnolóxico; ter acceso á rede en galego e dispoñer de programas informáticos e de terminoloxía na lingua propia mostrará a validez do galego neste sector.
- d) *Educación.* Aplicación efectiva dos decretos sobre o uso do galego en todos os niveis educativos, de xeito que os escolares galegos dominen as dúas linguas oficiais en todos os contextos.
- e) *Galego exterior.* Procurar que os dereitos lingüísticos dos galegofalantes de fóra de Galicia (Asturias, Castela e León, Estremadura) sexan respectados.

Finalmente temos que falar do esforzo individual e colectivo do conxunto da sociedade para romper os prexuízos e as falsas asociacións mentais supón na normalización do galego: a lingua non é de seu nin rural, nin nacionalista, nin pobre, nin “cateta”, nin ditadora; a lingua é un código para transmitir mensaxes de calquera tipo, o resto son estereotipos. A lingua pertence a todos, ninguén ten o dereito de se apoderar dela, o galego chegará a todos os grupos sociais sen segundas intencións, especialmente á xuventude, que será a encargada de transmitir a lingua e garantir o seu futuro.

6. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO MONTERO, X. (1973), *Informe –dramático– sobre la lengua gallega*, Madrid: Akal.
- (1991), *Informe(s) sobre a lingua gallega*, Vilaboa: Edicións do Cumio.
- ARACIL, L. (1989), *Problemática das linguas sen normalizar. Situación do galego e alternativas*. Ourense: Galicia Editora.
- BESWICK, J.E. (2005), *Regional Nationalism in Spain. Language use and ethnic identity in Galicia*. Londres: Multilingual Matters.
- FREIXEIRO MATO, X.R. (1997), *Lingua galega: normalidade e conflito*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- IGLESIAS ÁLVAREZ, A.(2002), *Falar galego: “no veo por qué”. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia*. Vigo: Xerais.
- JARDÓN, M. (1993), *La “normalización lingüística”, una anormalidad democrática. El caso gallego*. Madrid: Siglo Veintiuno
- MONTEAGUDO, H. (2002), *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Análise e perspectivas*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- MORENO FERNÁNDEZ, F. (2005), *Principios de sociolingüística y sociología del lenguaje*. Barcelona: Ariel.
- VV.AA. (2005), *A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1992–2003)*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.